

INSTRUCCIÓN DA SECRETARÍA XERAL 7/2020 SOBRE CAMBIO NAS DATAS DE REALIZACIÓN DE EXAMES POR INCIDENCIA DA COVID-19

A *Normativa de Avaliación* da USC, no seu artigo 4, establece que as datas das probas de avaliación oficiais non poderán modificarse salvo naquelas situacións nas que, por forza maior ou imposibilidade sobrevida, resulten irrealizables nas datas establecidas.

Tendo en conta a situación provocada pola COVID pode darse a circunstancia de que nas datas programadas para a realización dos exames haxa estudantes coa enfermidade diagnosticada que non teñan rematado o período de illamento ou que se atopen en período de corentena domiciliar por teren contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19, polo que procede dital a correspondente instrución para abordar estes casos.

Por todo o anterior, esta Secretaría Xeral dita a seguinte Instrución:

1. A efectos de realización de exames, consideraranse como causa de forza maior os casos acreditados de contaxio pola COVID-19 e os casos de illamento preventivo.
2. Estas situacións darán dereito ao aprazamento ou cambio na realización das datas oficiais de exames e probas.
3. O procedemento de solicitude de cambio de data das probas será o seguinte:
 - a. Con carácter previo á celebración do exame ou proba, o alumnado afectado deberá comunicar a súa situación ao profesor/a da materia ou tribunal, acreditando a diagnose da enfermidade ou a obrigatoriedade de cumprir un período de illamento.
 - b. O profesorado responsable da materia fixará unha nova proba no período máis próximo posible e sempre nunha data que non coincida con outras probas do mesmo curso. Para fixar a nova data deberá terse en conta que o alumno ou alumna superou a proba de non padecer a enfermidade ou rematou o período de illamento.
 - c. O exame deberá ser equivalente en contidos e nivel de dificultade ao realizado polo resto do alumnado do mesmo grupo.
4. Ningún estudante que teña síntomas compatibles coa COVID-19 poderá acceder ás aulas para a realización de exames.
5. O alumnado que teña síntomas compatibles coa COVID-19 durante unha proba presencial deberán poñelo inmediatamente en coñecemento do profesorado a efectos de ser illado na Sala Covid do Centro, debendo procederse conforme ás normas preventivas da USC.
6. Nos supostos establecidos nos apartados 4 e 5 o alumnado deberá solicitar o aprazamento das probas ou exames, conforme ao establecido no apartado 3.
7. No caso de peticións de cambios de datas por outras circunstancias deberán dirixirse ao profesorado da materia, que deberá avaliar se existe ou non causa de forza maior ou imposibilidade sobrevida de entidade que xustifique o cambio de data.
8. No caso de que concorran situacións excepcionais que impidan a realización dun conxunto de exames nas datas previstas como consecuencia de forza maior ou imposibilidade sobrevida, os

decanos ou directores dos centros realizarán as consultas oportunas co profesorado e cos estudantes afectados para propor un novo calendario ou a modificación puntual do existente.

A Secretaria Xeral

Dulce M^a García Mella

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 10/12/2020 15:20:57.

CSV: B49C-78DA-4C60-A845